

DENTRO ESTÁ A MAXIA

Era unha fría tarde de inverno, en Sarria. Era domingo e, como de costume, dende hai case cinco anos, paseaba pola mesma rúa. As luces, lonxe de ser brillantes, parecían imitar unha fotografía dos anos setenta en branco e negro. Era unha rúa cheirenta, con milleiros de tendais que colgaban das fiestras e que pingaban gotas de auga provenientes dos calcetíns mollados dun señor calquera. O sol sempre se escondía detrás do mesmo edificio que, segundo os meus cálculos, levaba en pé dende había máis de oitenta anos.

Había un portal que espertaba en min unha curiosidade especial: o portal número trinta e oito. Era un edificio vello, moi vello. As paredes estaban desgastadas, quen sabe se polo paso do tempo ou porque nunca chegaron a pintarse. A verdade é que calquera que pasara por alí pensaría que aquel edificio estaba a punto de converterse en ruínas se non fose porque as fiestras sempre estaban abertas –xa fose inverno ou verán–, a caixa do correo baleirábase todas as semanas e, apoiado sobre a varanda do balcón do primeiro piso, sempre había un gato que, a xulgar pola súa torpeza e pola cicatriz que tiña no ollo, era cego. De vez en cando, as prendas do tendal cambiaban: os luns, case sempre eran sabanas brancas e os venres, gorros de la.

A pesares da asfixiante melancolía que desprendía aquel lugar, cando se acercaba o mes de decembro, parecía que a rúa se convertía –a pesares do pouco tránsito– nun lugar idílico digno mesmo da mellor película de nadal do cine. Quizais polos Papás Noel que se balanceaban sobre as ventás, as luces que alumaban até as esquinas máis recónditas ou polo olor a chocolate quente que podía ata calmar o frío das noites de Sarria do último mes do ano.

Case o esquezo: cada 25 de decembro, o gato branco do portal número trinta e oito nunca estaba e sobre a fiestra do primeiro piso colgaba un cartel que poñía “dentro está a maxia”.

Nunca entrei.